



**SEMINARIO SOBRE O ACHEGAMENTO Á  
INTERPRETACIÓN DA MÚSICA BARROCA NOS  
INSTRUMENTOS DE TECLA (PIANO, CLAVICÉMBALO,  
ÓRGANO)**

**INTRODUCCIÓN Á TÉCNICA DO CLAVICORDIO**

**Profesor: D. José Luis González Uriol**

Catedrático emérito de Clave e Órgano

**2 e 3 de Marzo 2012**  
CMUS OURENSE

**Dirixido a:**

Este Seminario vai dirixido especialmente a estudantes e profesionais de piano, clave e órgano en cuxos repertorios concertísticos aparecen habitualmente obras do período barroco, e ás veces mesmo do renacemento, e que se enfrontan con importantes dúbidas estruturais debidas na súa maioría ao descoñecemento da praxe interpretativa que corresponde á estética propia de cada unha das obras citadas.

**Programa do Curso:**

- ✓ Breve historia do Piano e do Clavicordio
- ✓ O Clavicordio o Monacordio, como o antepasado do Piano.
- ✓ O nacemento do Fortepiano
- ✓ Estrutura e evolución

O Discurso Musical

- ✓ Fraseo e Articulación

O Toque

A Ornamentación

- ✓ España/Italia/Francia/Alemania

**OBRAS RECOMENDADAS (Pódense levar outras obras da época)**

*Françoise Couperin*. Preludios de L'Art de toucher le Clavecin

*Domenico Scarlatti*. Sonatas de libre elección

*J.S.Bach*. Preludios e Fugas do "Clave (Teclado) Ben Temperado

Unha Suite Francesa a elixir

*G.F. Haendel*. Unha Suite a elixir

Diversas pezas (Fugas, Preludios etc)

**CLAVICORDIO, OBRAS RECOMENDADAS**

*Antonio de Cabezón*. Unhas Diferencias, a elixir

*Domenico Scarlatti*. Sonatas de libre elección

*Carlos Seixas*. Sonatas , a elixir

Pezas do "Pequeno Libro de Ana Magdalena Bach"

## **JOSÉ LUIS GONZÁLEZ URIOL**

José L. González Uriol é natural de Zaragoza. Catedrático de Órgano e Clavicémbalo do Conservatorio Superior de Música de Zaragoza de 1985 a 2007, onde desempeñou en dúas ocasións o cargo de Director. Intérprete de prestixio indiscutible, está recoñecido no mundo enteiro como especialista en Música Antiga de Tecla.

Perfeccionou os seus estudos musicais, baixo o maxisterio dos Prof. Montserrat Torrent (Barcelona), Macario Santiago Kastner (Lisboa), Luigi F. Tagliavini (Bologna) e Gustav Leonhardt (Ámsterdam).

Convidado polos Festivais Internacionais e Centros Musicais máis importantes do mundo, participou como xurado nos Concursos máis prestixiosos de Europa e Xapón, a súa carreira concertística o levou a viaxar polos Cinco Continentes.

Como especialista de Música Antiga Española, realizou numerosas gravacións discográficas, entre as que cabe destacar o dobre CD dedicado a Antonio de Cabezón e realizado nos Órganos Históricos máis importantes de Europa. Coordinador dos traballos da Nova Edición das Obras de Tecla, Arpa e Vihuela de Antonio de Cabezón.

Organista Titular do Órgano histórico "José de Sesma" (1692) do Patio da Infanta e do Órgano "Spaeth" da Real Capela de Santa Isabel de Portugal de Zaragoza, Conselleiro de número da Institución Fernando el Católico e fundador da sección de Música Antiga desta Institución, é Director do Curso e Festival de Música Antiga de Daroca dende 1979.

O día da Epifanía de 2009 o Cabildo Metropolitano de Zaragoza concedeu a distinción de "Organista Honorario do Órgano Histórico da Catedral de San Salvador, La Seo zaragozana"

Está en posesión da Cruz de Alfonso X o Sabio do Goberno de España, a Medalla de Ouro da Cortes de Aragón e a medalla ao Mérito Cultural do Goberno de Aragón polo seu labor ao servizo da Música.

### **DEREITOS DE MATRÍCULA**

#### **Horario:**

Venres 2 de Marzo

De 10.00h-14.00h; de 16.00 a 19.00h

Sábado 3 de Marzo

De 10.00h-14.00h; de 16.00 a 19.00h

#### **Prezo:**

Alumnos activos de Conservatorios:

Grao profesional: 25€

Grao superior: 30€

Profesores: 50€

Alumnos oíntes en xeral: 15€

Inscripción: data límite: venres 25 de Febreiro.

As inscricións abonaranse en:

**CAIXARURAL:** 3070 0043 01 6076878427

O boletín de inscrición e xustificante de pago serán remitidos á Secretaría de Conservatorio.

## INFORMACIÓN

Secretaría do Curso

Rúa Pablo Iglesias, s/n 32004 - OURENSE

Teléfono: 988.39.10.47 - Fax: 988.39.19.71

E-mail: [cmus.ourense@edu.xunta.es](mailto:cmus.ourense@edu.xunta.es)

Organiza:  
Departamento de Instrumentos Antigos  
Conservatorio Profesional de Ourense

